



PROGRAMA DE ACOLLIDA

Curso 2020-2021
4 de setembro de 2020

Modificado por cambio no Plan de Adaptación o 19/01/2021

ÍNDICE:

1. Introducción	5
2. Novas normas de organización e funcionamento do centro	7
3. Actuacións de prevención, hixiene e protección	15
4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial	23
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión	25

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18	 Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura  Membro da Escolas Asociadas da UNESCO
--	---	--

1.- INTRODUCCIÓN:

Seguindo as indicacións da “Instrución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021 ...” o equipo directivo, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, alúmenos, dos aspectos que aparecen no índice deste documento.

2.- Novas normas de organización e funcionamento do centro:

Antes do comezo do curso nas distintas reunións co profesorado, persoal non docente e familiares dos alumnos se explicarán os cambios nas normas e organización do centro.

O calendario de reunións coas familias será o seguinte:

CURSO	DÍA	HORA	LUGAR
4º C	07/09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Ximnasio
1ºA	07//09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Aula Multiusos
1ºB	07//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Ximnasio
1ºC	07//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Aula Multiusos
5ºA	07//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Ximnasio
5ºB	07//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Aula Multiusos
5ºC	07//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Ximnasio
6ºA	07//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Aula Multiusos
2ºA	08//09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Ximnasio
2ºB	08//09/20	09:15 A 10:15 HORAS	Aula Multiusos
2ºC	08//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Ximnasio
3ºA	08//09/20	10:30 A 11:30 HORAS	Aula Multiusos
3ºB	08//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Ximnasio
3ºC	08//09/20	11:45 A 12:45 HORAS	Aula Multiusos
4ºA	08//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Ximnasio
4ºB	08//09/20	13:00 A 14:00 HORAS	Aula Multiusos
6ºB	09/09/20	12:00 A 13:00 HORAS	Ximnasio
6ºC	09/09/20	12:00 A 13:00 HORAS	Aula Multiusos

Mantense as agrupacións do curso anterior, incluídas as do alumnado procedente do EEI Crespo Rivas, estando pendentes dos posibles desdobres que poda realizar a Inspección Educativa.

2.1.- Organización das entradas e saídas do alumnado:

O obxectivo desta proposta é evitar as aglomeracións tanto nas entradas como nas saídas. O funcionamento depende no cumprimento estrito das normas e dos horarios tanto do persoal como das familias.

Para evitar un número innecesario de persoas cada alumno ou alumna só debe vir acompañado por un adulto e si é posible un adulto podería acompañar a varios alumnos ou alumnas. Non está permitido que as familias ou o profesorado se entreteñan nas entradas e saídas dando avisos, recados... Para iso haberá que empregar a axenda, o teléfono, o correo electrónico...

HORARIO DE ENTRADA:

Alumnos/as de **1º e 2º**: 08:50

Alumnos/as de **4º e 6º**: 09:00

Alumnos/as de **3º e 5º**: 09:10

HORARIO DE SAÍDA:

Alumnos/as de **1º e 2º**: 13:40

Alumnos/as de **4º e 6º**: 13:50

Alumnos/as de **3º e 5º**: 14:00

Todos os usuarios do Plan Madruga entrarán ás 09:00 horas, os alumnos de 1º e 2º os deixarán na aula correspondente e os dos demais cursos serán entregadas polo monitor/a ao profesor de garda de aseos.

Nas portas de entrada hai uns carteis indicando as aulas que entran e saen por cada unha delas, nesas carteis indícase o cor da fila que deben utilizar, habendo no chan marcas das cores indicadas, para que o alumnado forme as filas respectando a distancia de seguridade.

Os alumnos deberán esperar na súa fila ata ser recollidos polos profesores que os acompañarán a aula onde procederán a hixienizar as mans.

Os adultos non poden entrar dentro do centro.

Saídas:

Na saída, os titores/as ou os profesores/as que estean a última hora cun grupo, deberán acompañar ao alumnado ata a porta de saída. Os grupos sairán por orde e non poderán iniciar a marcha mentres o grupo ou grupos anteriores non saian. A fila irá encabezada polo profesor/a seguido polo alumnado usuario do comedor que quedará na porta de entrada ao corredor da aula de música, comprobando que os alumnos non quedan formando aglomeracións.

A continuación os alumnos usuarios de “Camiños Escolares” e, finalmente, o alumnado recollido pola súa familia ou persoa autorizada.

No caso que a persoa autorizada non estea para recoller ao alumno este esperará na zona preparada e non poderá ser recollido ata que finalice a entrega dos demais alumnos, establecerase un sistema de custodia dos alumnos de 1º e 2º que son recollidos polos os seus irmáns maiores, sempre que teñan a autorización de “Camiños Escolares”.

Cando os grupos se despracen ao ximnasio utilizarán como porta de saída a denominada como do acuario e para entrar no centro a que está en fronte dela.



Con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.

Con respecto ás saídas, apelamos á responsabilidade das familias para evitar agrupamentos e/ou aglomeracións dentro do recinto escolar á hora da saída, procurando abandonalo canto antes.

Portas:



2.2.- Secretaría/conserxería:

- 1.- A atención na secretaría do centro será sempre con cita previa en non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos do alumnado.
- 2.- É obrigatorio o uso da máscara por todas as persoas que accedan ao centro.
- 3.- Nas entradas dos centros disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- 4.- Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecerase unha distancia mínima de 1,5 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física ...).

2.3.- Organización do primeiro día de clase:

Ás clases comezarán o día 10 de setembro para os alumnos de 1º, 2º e 3º de Primaria e o día 11 para os alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria.

Co fin de evitar aglomeracións e poder aprender o xeito de organizarse nas entradas establécese o seguinte horario para o primeiro día de clases:

Horario das entradas o día 10:

Alumnos de 3º: 09:00 horas

Alumnos de 2º: 10:00 horas

Alumnos de 1º: 11:00 horas

Horario das entradas o día 11:

Alumnos de 6º: 09:00 horas

Alumnos de 5º: 10:00 horas

Alumnos de 4º: 11:00 horas

Ás saídas serán no horario indicado no apartado anterior.

O primeiro día de clase dedicarase, de xeito preferente, a explicar e ensaiar co alumnado todo o referente a nova situación (normas de hixiene, traslados polo centro, uso dos aseos ...).

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparán gran parte da xornada lectiva.

2.4.- Recreos:


1.- Realizaranse dúas quendas de recreo:

- De 11:30 a 11:50 horas os alumnos dos cursos impares.
- De 12:00 a 12:20 horas os alumnos dos cursos pares.


- 2.- Cada grupo estable de convivencia terá unha zona asignada no exterior. Os patios serán os utilizados ata agora.
- 3.- O profesor que estea na aula acompañará ao seu grupo ata a zona do patio que lle corresponde independentemente de que lle corresponda vixilancia de patio ou non, e esperará a chegada dos profesores que deben facer a vixilancia.
- 4.- Para a saída utilizarase o mesmo procedemento que á hora de saír do centro, coa excepción das aulas do primeiro ciclo que utilizarán a porta da Sala de Profesores.
- 5.- Estableceranse quendas de vixilancia no patio.
- 6.- Os días de chuvia non se sairá ao patio. O recreo farase dentro da aula ordinaria baixo a vixilancia do seu titor ou titora. O profesorado especialista botará unha man nestes casos.
- 7.- Debe procurarse que o alumnado acuda ao aseo antes de saír ao patio para evitar o maior número de desprazamentos.
- 8.- Haberá profesorado de garda nos aseos.
- 9.- Para regresar o alumnado será recollido polo profesor a quen lle toque impartirlles clase, o alumnado non abandonará o espazo asignado ata que reciba a orde do profesorado e esperarán sempre a que salga o grupo anterior. O primeiro grupo en marchar será o que se atope máis preto da porta de entrada.

Planos:

Recreo alumnado de 1º a 4º de Primaria.



Recreo alumnado de 5º e 6º de Primaria:



2.5.- Tutorías:

As tutorías levaranse a cabo os martes de 18:30h a 19:30h, como de costume, e con cita previa empregando as canles habituais: abalarMóbil, axenda do alumnado, chamada telefónica, ou solicitude en papel.

Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da tutoría do alumno/a e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita ou documental, solicitarase previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

As reunións de inicio de curso serán tutoría a tutoría, irán detalladas no plan de acollida, e faranse de xeito presencial na Aula Multiusos e o Ximnasio limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal, sendo obrigatorio o emprego de máscara.

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18	 Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura  Membro da Escolas Asociadas da UNESCO
--	---	--

2.6.- Departamento de Orientación:

Este espazo será empregado para o traballo persoal da xefa do departamento de orientación. As entrevistas familiares realizaranse, preferentemente, por medios telemáticos e só de xeito presencial cando sexa absolutamente necesario, sempre con cita previa e cumprindo coas normas indicadas no Protocolo.

No caso de suspensión temporal da actividade presencial, o departamento de orientación deberá continuar coa súa actividade de xeito telemático.

2.7.- Canles de comunicación co centro:

- Vía telefónica chamando ao centro: 886 15 15 13.
- Correo electrónico: ceip.campolongo@edu.xunta.es

2.8.- Servizos complementarios:

Pendente das decisións da FANPA e ANPA San Xosé do noso centro.

3.- Actuacións de prevención, hixiene e protección:

Os primeiros días de clase traballarase de forma prioritaria a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro.

3.1.- Declaración responsable:

Os responsables dos alumnos entregarán ao principio de curso unha declaración responsable, na que se responsabilizan a realizar o test de autoavaliación dos síntomas de forma diaria, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.

Cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia do alumno/a en caso de ser compatibles. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no **Anexo I do “Protocolo de Adaptación ...”** que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro.

Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID.

Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

3.2.- Uso da máscara facial:

O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado traer unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo ao comer a merenda.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

O alumnado só poderá prescindir dela por indicación do profesorado para a realización dalgunha actividade ou nunha situación puntual (merendar, actividades dirixidas por profesores de PT ou actividades de AL).

O profesorado empregará en todo momento a máscara e só poderá prescindir dela en momentos concretos, cando impida a realización do seu traballo, como poden ser as sesións de AL momento no que se deben utilizar pantallas protectoras e mamparas.

3.3.- Medidas específicas de hixiene e protección:

1.- Na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

2.- Como norma xeral os membros dos grupos estables de convivencia poden socializar entre si pero deben evitar a interacción con outros grupos, empregarán a máscara sempre.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- En todas as aulas haberá dispensador de xel hidroalcohólico, líquido desinfectante, panos de papel e papeleira de pedal.
- O profesorado utilizará a máscara facial continuamente. O uso adicional de viseiras protectoras ou outras medidas de seguridade é voluntario.
- O alumnado accederá con máscara á aula e deberá permanecer con ela posta, excepto se para algunha actividade o indica o profesorado e sempre mantendo a distancia de seguridade.
- Cando non se empregue a máscara facial o alumnado deberá tela gardada nun estoxo ou nun sobre de papel co nome.
- Os primeiros minutos os profesores lembraran aos alumnos os protocolos de hixiene e contacto social.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros. Debe ter o seu propio material co nome nun estoxo.

- Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.
- Evitaranse os desprazamentos innecesarios dentro da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- O alumnado non pode facer ningún tipo de recado polo centro e evitaranse ao máximo os percorridos polo mesmo.
- Os profesores poderán organizarán grupos de traballo cooperativo estables, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre o alumnado. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos dun máximo de catro alumnos. Nos momentos nos que todo o grupo poida estar xuntos: recreos, traslados, ... o alumnado deberá portar máscara.
- Ao trasladarse desde a aula para levar a cabo as sesións de EF, saír ao patio ou algunha actividade programada deberán respectar os percorridos deseñados e a orde de entrada/saída asignada.
- Cando teñan que facer presentacións en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara facial.
- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara facial e facer unha correcta desinfección de mans.
- Os alumnos farán un lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer, despois de ir ao aseo, e sempre que se utilice material compartido.

3.3- Especialidades:

As especialidades de inglés impartiranse de xeito preferente nas aulas ordinarias, as clases da especialidade de educación musical ao alumnado de 1º, 2º 3º e 4º serán impartidas na aula

específica e as de 5º e 6º de xeito preferente nas aulas ordinarias, as de Educación Física, segundo o consideren os profesores, serán no ximnasio, aula de usos múltiples ou patios exteriores, e as de relixión católica e evanxélica serán impartidas nas súas aulas específicas.

O profesorado especialista usará máscara facial e hixienizará as mans ao entrar na aula e ao abandonala.

No caso de acudir as súas aulas ou espazos preparadas para as distintas especialidades, os profesores procederán nos cambios de grupo, a hixienizar os obxectos utilizados e ventilar a aula seguindo as instrucións do último protocolo publicado pola Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional.

En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitárase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros. Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de fruta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

3.4.- Limpeza:

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro, no obstante no Protocolo publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con data 31 de agosto de 2020 indícase o seguinte:

1.- Nos supostos no que existan varias persoas dedicadas a tarefas de limpeza, unha delas realizará total ou parcialmente a súa xornada na quenda de mañá, podendo realizarse rotacións no uso das quendas. Cando as tarefas de limpeza se realicen por unha única persoa realizará parte da súa xornada (polo menos 1/3) en xornada de mañá.

2.- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.

3.- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

4.- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En

todo caso nos aseos existirá xaboneiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

5.- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

6.- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

7.- Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

3.5.- Ventilación das aulas:

1.- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.

2.- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.

3.- Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polo menos 15 minutos logo de cada sesión.

En cada aula existirá un modelo de checklist para rexistrar as ventilacións de cada unha das aulas.

3.6.- Xestión dos gromos:

1.- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2.- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:

- Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o

seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

- Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia ou persoa de referencia, no caso de afectar a alumnado, que deberá presentarse no centro á maior brevidade.
- A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

3.- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta na Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información. (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2).

4.- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

5.- Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Autoridade Sanitaria.

6.- Escenarios no suposto dos gromos:

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo

de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2” publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia menor de 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, permanecendo nos seus domicilios e suspenderán mentres dure esta a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do

cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

4.- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial:

1.- O centro ten unha aula virtual cuxo enderezo é o seguinte:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampolongo/aulavirtual/>

Poderase acceder á mesma a través da páxina web do centro.

2.- As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

3.- No primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

4.- Colaborará coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual os seguintes profesores:

Coordinadora Tic: D.^a María Luisa Taboada Ribadulla

Profesor colaborador: D. José Manuel Sánchez Moure

Profesor colaborador: Sergio Otero García

Asistidos de ser o caso polos asesores Abalar.

Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado. Realizaranse

as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (os coordinadores TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso). Porase a disposición do profesorado uns videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.

5.- Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

6.- Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

7.- A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as do alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector o seu usuario e clave.

8.- No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

9.- Dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado no noso centro tendermos dous cursos de formación para o profesorado: un curso de formación e capacitación para impartir clases en aulas E-Dixgal e outro de “Uso de Aulas Virtuais e competencias dixitais”

5.- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión:

O departamento de orientación será o encargado de coordinar e deseñar as actividades para atender estes aspectos, as actividades serán realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores/as de cada un dos grupos.

Será especialmente necesaria a colaboración entre os equipos docentes para atender ao alumnado de forma coordinada nos aspectos educativos e emocionais.

Así mesmo, durante curso 2020/2021 adoptaranse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado derivadas da situación excepcional do curso 2019/20.

De acordo co establecido no artigo 8.4 do Decreto 105/2014, o noso centro vai a dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo das linguas.

Pontevedra, 19 de xaneiro de 2021



Asdo.: José Manuel Sánchez Moure
Director do CEP Campolongo